

Se a resolución administrativa fora denegatoria da pretensión formulada por causas non imputables ó suxeito pasivo, procederáse á devolución do importe autoliquidado, seguíndose o trámite de devolución de ingresos indebidos.

- Unha vez autorizado o aproveitamento, no suposto de carteis sobre soportes ocupando terreos de dominio público, entenderase prorrogado mentres que o interesado non presente a declaración de baixa.
- As declaracións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos no padrón do período impositivo seguinte.
- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no cuadrimestre seguinte ó de presentación da mesma. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ARTIGO 9º.—*INFRACCIÓN E SANCIÓN.*

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

10º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENCIAS OU AUTORIZACIÓNS ADMINISTRATIVAS DE AUTO-TAXIS E DEMÁIS VEHÍCULOS DE ALUGUER.

ARTIGO 1º.—*FUNDAMENTO E NATUREZA.*

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de aluguer, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

ARTIGO 2º.—*FEITO IMPOÑIBLE.*

Constitúen o feito impoñible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licencias de autotaxis e demais vehículos de aluguer, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licencias.
- b) Autorización para transmisión de licencias, cando proceda o seu outorgamento, con arranxo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licencias, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e revisión extraordinaria a instancia de parte.

ARTIGO 3º.—*SUXEITO PASIVO.*

Teñen obriga do pago da taxa en concepto de suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades, a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, seguintes:

- 1.— A persoa ou entidade a que se outorgue a concesión e expedición da licenza, ou a quen no seu favor se autorice a transmisión de dita licenza.
- 2.— O titular da licenza de que o seu vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFA	
CONCEPTO	€
1-.Por concesión de licenza para auto-turismo clase B	590,88
2-.Por transmisión de licencias de auto-turismos	984,86
3-.Licenza para cambio de material (vehículos)	59,05
4-.Revisión dos vehículos	59,05
5-.Por uso e explotación de licencias de S.P. de auto-turismo (ano)	59,05

ARTIGO 6º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá exención ou bonificación algunha no pago da taxa.

ARTIGO 7º.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

- Nos apartados 1, 2, 3 e 4 do cadro de tarifas, nace a obriga de contribuír no momento de presenta-la correspondente solicitude.
- Para o caso de uso e explotación de licencias de S.P de autoturismo (apartado 5 do cadro de tarifas), o período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devéngase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta, que se producirá no momento da citada alta.

A taxa retribuirase o primeiro día do período impositivo, agás cando se trate de novas licencias, que será o primeiro día do mes natural no que se conceda a autorización. As cotas serán irredutibles, sendo prorrateables por meses naturais, ademais do suposto de novo aproveitamento, no caso de cese da actividade.

ARTIGO 8º.—NORMAS DE XESTIÓN.

- A prestación dos servizos previstos nesta Ordenanza, a excepción da revisión ordinaria de vehículos, solicitarase polo interesado, aportando os documentos que, en cada caso, sexan esixibles. No caso de defecto de presentación, actuarase conforme ás normas que regulan o procedemento administrativo común.

No mesmo acto de presentación da solicitude deberá o suxeito pasivo autoliquidar a taxa correspondente, segundo as tarifas fixadas no artigo 5º da presente ordenanza fiscal e utilizando o modelo establecido para tal fin.

Tramitado o expediente e previamente ó outorgamento da licenza, practicarase a liquidación tributaria correspondente, confirmando a autoliquidación practicada polo suxeito pasivo ou xerando unha liquidación complementaria se esta fora maior que a autoliquidada no seu día ou procedendo á devolución de ingresos nos supostos que fora menor.

Se a resolución administrativa fora denegatoria da pretensión formulada por causas non imputables ó suxeito pasivo, procederase á devolución do importe autoliquidado, seguíndose o trámite de devolución de ingresos indebidos.

- Unha vez concedida a licenza, a declaración de alta producirá a incorporación do suxeito pasivo no padrón do período impositivo seguinte.
- Os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirá efectos no mes seguinte ó de presentación da mesma. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**11º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN
DO SERVIZO DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA.**

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de distribución de auga.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche de liñas, e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, así como a reapertura nos casos de corte de auga.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.

- Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas nas que se preste o servizo, calquera que sexa o título polo que o faga.
- Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.

De conformidade co artigo 36.3 da LXT, en concordancia co artigo 23.2 do TRLRFL será o substituto o suxeito pasivo que, por imposición da lei e en lugar do contribuínte, este obrigado a cumprir a obriga tributaria.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS
(IVE non incluído)

CONCEPTO	IMPORTE (€/M ³) POR AUGA FACTURADA
USOS DOMESTICOS.	
Mínimo ata 15 m ³ /mes	0,3675
De 15 a 25 m ³	0,4221
De máis de 25 m ³	0,4679